

1.- PANORAMA XERAL

▶▶ A ZONA XEOGRÁFICA OBXECTO DE ESTUDIO, que abrangue as áreas funcionais de Monforte e O Barco, está formada polas comarcas de Chantada, Terra de Lemos, Quiroga, Terra de Trives e Valdeorras (ver **mapa 1.1.**), segundo a estrutura establecida no “Plan comarcal de Galicia”. Este Plan, deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia, concíbese como un instrumento de coordinación das directrices e normas básicas económicas e sociais para conseguir un desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia.

Xeograficamente, a área analizada limita ó norte coas comarcas de A Ulloa, Sarria e Os Ancares, ó sur coas comarcas de Viana, Verín, Terra de Caldelas, Ourense e O Carballiño, ó oeste coa comarca do Deza e ó leste con Castela–León.

Está composta por 25 concellos, dos que 12 pertencen á provincia de Lugo e 13 á de Ourense, o que supón o 18% do total da provincia de Lugo e o 14% do total de concellos da provincia de Ourense. En conxunto os concellos da área analizada representan o 8% do total de concellos galegos. (**cadro 1.1.**)

As áreas funcionais de Monforte e O Barco, estudadas neste informe de forma conxunta, teñen unha extensión de 3.382 km², dos que 1.981 km² pertencen á área funcional de Monforte (o 20% da extensión total da provincia de Lugo), e 1.401 km² á de O Barco (o que supón o 19% da extensión total da provincia de Ourense). En relación a extensión da Comunidade Autónoma de Galicia (29.660 km²) a zona considerada representa o 11,4% do total territorial galego. A comarca de Valdeorras, con 969,2 km² é a máis extensa da

►► **M.1.1.**

Situación das áreas funcionais de Monforte-O Barco, formadas polas comarcas de Chantada, Terra de Lemos, Quiroga, Terra de Trives e Valdeorras.



▶▶ **1.1.**

Territorio e poboación en Galicia: distribución provincial e segundo áreas funcionais

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2002	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Provincia de A Coruña	7.943	1.111.886	140,0	94	10.306
Ferrol	1.556	206.336	132,6	20	pte
A Coruña	2.597	520.648	200,4	35	pte
Santiago	3.790	384.902	101,6	39	pte
Provincia de Lugo	10.026	361.782	36,1	67	9.750
María	1.395	75.573	54,2	15	1.739
Monforte	1.981	59.767	30,2	12	1.906
Lugo	6.650	226.442	34,0	40	6.105
Provincia de Ourense	7.274	343.768	47,3	92	3.676
Ourense	4.119	271.392	65,9	67	3.102
Verín	1.754	37.230	21,2	12	263
O Barco	1.401	35.146	25,1	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	919.934	205,8	62	6.237
Vigo	1.605	507.234	316,0	25	pte
Pontevedra	1.316	336.335	252,7	28	pte
Lalín	1.496	76.365	51,1	9	pte
Galicia	29.660	2.737.370	92,3	315	29.964

Fonte: La Caixa, Anuario económico, IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2002 e Xunta, Mapa comarcal de Galicia

área obxecto de estudo, namentres que a comarca de Terra de Trives é a de menor extensión, con 431,7 km².

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos polo Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2002, nas áreas funcionais de Monforte e O Barco residían, en conxunto, un total de 94.913 persoas, o que supuña o 3,5% do conxunto da poboación galega. Na área funcional de O Barco, a menos poboada das doce áreas funcionais galegas, residían 35.146 habitantes (o 10,2% da poboación ourensá), namentres que a de Monforte acolle a 59.767 habitantes (o 16,5% da poboación da provincia de Lugo), o que a sitúa como a terceira área funcional menos poboada de Galicia.

A zona xeográfica considerada acolle un total de 28,1 habitantes por quilómetro cadrado, sendo esta densidade inferior á rexistrada nas provincias de Lugo e Ourense, con 36,1 hab/km² e 47,3 hab/km², respectivamente. As áreas funcionais de

Monforte, cunha densidade de poboación de 30,2 hab/km², e de O Barco con 25,1 hab/km², están estre as tres áreas funcionais galegas con menor densidade de poboación, superando tan só a Verín, con 21,2 hab/km².

Dentro da área obxecto de análise, a comarca máis densamente poboada é a de Terra de Lemos, cunha densidade de poboación de 38,0 habitantes por km², mentres que a menor densidade corresponde á comarca de Quiroga con 12,3 habitantes por km².

En canto ás entidades singulares de poboación, das 9.745 que hai na provincia de Lugo, 1.906 están situadas nos concellos desta provincia integrados na área funcional, o que supón un 19,5% do total, e das 3.676 entidades singulares de poboación existentes na provincia de Ourense, 311 están situadas nas dúas comarcas desta provincia integradas na área funcional, o que supón o 8,4% do total. A porcentaxe de entidades singulares do con-

1.2.

Territorio e poboación en Monforte-O Barco: distribución segundo comarcas

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2002	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Monforte-O Barco	3.381,5	94.913	28,1	25	2.217
Chantada	462,2	16.893	36,5	3	651
Terra de Lemos	940,4	35.749	38,0	6	1.044
Quiroga	578,0	7.125	12,3	3	211
Terra de Trives	431,7	5.825	13,5	4	144
Valdeorras	969,2	29.321	30,3	9	167
Galicia	29.532	2.737.370	92,7	315	29.964
Monforte-O Barco / Galicia (%)	11,5	3,5		7,9	7,4

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2002, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

xunto da área funcional (2.217) sobre o total das 29.964 existentes en Galicia é do 7,3%. Na súa división no interior da área funcional, a comarca de Terra de Lemos, con 1.044, é a que ten un maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 144 de Terra de Trives que é a comarca que conta cun menor número das mesmas.

O conxunto da área obxecto de estudo configúrase fundamentalmente en torno a dous centros de atracción, como son os municipios de Monforte de Lemos e O Barco de Valdeorras.

O municipio de Monforte de Lemos é o centro de atracción dos concellos de Chantada, Ribas de Sil, e dos seis concellos que compoñen a comarca de Terra de Lemos. No que respecta á provincia de Ourense, o concello do Barco de Valdeorras é o centro de atracción dos municipios que compoñen a comarca de Valdeorras, así como a Pobra de Trives o é dos catro concellos da súa comarca.

No concernente ás infraestruturas, as principais estradas da zona xeográfica analizada son o corredor rápido de Galicia 22 que comunica Lalín, Chantada e

Monforte de Lemos, a estrada nacional 120 que comunica Ourense con Monforte de Lemos - Quiroga - A Rúa - O Barco, a estrada nacional 540 que atravesa lonxitudinalmente a comarca de Chantada, e a estrada nacional 536 que une o Barco de Valdeorras con Ponferrada na provincia de León.

En canto á rede ferroviaria, e tendo en conta a clasificación de liñas de Renfe en función da súa utilización e importancia (A-1, A-2, B e C), na actualidade na área funcional de Monforte - O Barco existe unha liña de clasificación A-2 que comunica Ourense con Monforte de Lemos e León, pasando polas comarcas de Quiroga e o Barco de Valdeorras.

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica das áreas funcionais de Monforte e O Barco pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario económico de España 2003* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadros 1.3. e 1.4.**) que tentan

▶▶ **1.3.**

Principais indicadores económicos das áreas funcionais galegas 2001

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial polo miúdo	Índice comercial por xunto	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica
Provincia de A Coruña	2.512	2.492	2.604	2.617	2.576	2.902	1.328	2.406
Ferrol	451	575	366	371	355	515	110	386
A Coruña	1.193	1.306	1.395	1.314	1.523	1.518	557	1.339
Santiago	868	611	843	932	698	869	661	681
Provincia de Lugo	858	987	775	729	855	792	293	724
Mariña	183	415	149	141	161	154	80	196
Monforte	142	174	101	104	101	113	36	109
Lugo	533	398	525	484	593	525	177	419
Provincia de Ourense	853	887	712	701	729	797	264	708
Ourense	664	589	576	570	580	651	188	544
Verín	106	68	78	76	78	81	50	60
O Barco	83	230	58	55	71	65	26	104
Provincia de Pontevedra	2.063	1.680	2.011	1.933	2.151	2.007	1.104	1.756
Vigo	1.125	1.093	1.273	1.174	1.449	1.158	519	1.103
Pontevedra	766	451	621	642	589	701	547	543
Lalin	172	136	117	117	113	148	38	110
Galicia	6.286	6.046	6.102	5.980	6.311	6.498	2.989	5.594
Galicia occidental-costa	4.315	4.223	4.470	4.398	4.594	4.677	2.424	4.080
Galicia interior	1.971	1.823	1.632	1.582	1.717	1.821	565	1.514

Fonte: La Caixa , Anuario económico

▶▶ **1.4.**

Principais indicadores económicos 2001: distribución segundo comarcas e concellos

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca de Chantada	41	110	26	31	7	48	
Carballedo	9	41	2	4	1	14	4
Chantada	23	67	19	22	5	31	4
Taboada	9	2	5	5	1	3	3
Comarca de Terra de Lemos	85	34	68	66	18	47	
Bóveda	5	2	3	3	4	2	3
Monforte	48	23	48	48	8	34	5
Pantón	8	2	4	4	1	2	4
A Pobra de Brollón	6	1	3	4	2	2	4
O Saviñao	11	4	7	5	2	5	3
Sober	7	2	3	2	1	2	4
Comarca de Quiroga	16	30	7	16	11	14	
Folgo do Caurel	3	1	-	2	4	1	3
Quiroga	10	19	6	11	6	9	4
Ribas de Sil	3	10	1	3	1	4	4
Comarca de Terra de Trives	10	85	5	7	8	29	
Chandrexa de Queixa (1)	-	-	-	-	-	-	-
Manzaneda	3	73	1	1	-	23	4
A Pobra de Trives	7	12	4	6	8	6	4
San Xoán de Río (1)	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Valdeorras	73	145	53	58	18	75	
O Barco	33	35	33	35	9	29	5
O Bolo	4	1	1	1	-	1	3
Carballeda	7	23	4	4	-	9	5
Larouco (1)	-	-	-	-	-	-	-
Petín	2	1	-	1	-	1	4
A Rúa	13	6	10	10	2	7	4
Rubiá	4	39	2	2	-	13	4
A Veiga	4	18	1	2	3	6	3
Vilamartín	6	22	2	3	4	9	3
Total Monforte-O Barco	225	404	159	178	62	213	
Galicia	6.305	6.138	6.111	6.505	3.024	5.630	5

(1) Faltan os concellos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.

Fonte: La Caixa , Anuario económico

recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos (**cadros 1.5.** e **1.6.**) referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica, como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada “nivel económico”. Sen embargo a análise deste índice non pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só resulta factible un estudio dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.**

Tamén resulta de interese a análise da información a nivel municipal sobre o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que facilita a Axencia Estatal da Administración Tributaria (**cadro 1.7.**), concretamente recóllense as seguintes variables: a porcentaxe de número de declarantes por tramos de Base imponible, o rendemento medio declarado, e a porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa actividade.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destaca-lo feito de que este estudio é realizado polo Servicio de Estudios de La Caixa só para municipios con máis de 1000 habitantes. Para o conxunto de España estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da zona xeográfica considerada, as fallas de información afectan a tres concellos: o de

Chandrexa de Queixa, San Xoán de Río e Larouco.

O primeiro dos indicadores recollidos nos **cadros 1.3.** e **1.4.**, é a “cota de mercado”, un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. As áreas funcionais de Monforte e O Barco, analizadas de xeito individual, están respectivamente no décimo e duodécimo posto entre as doce áreas funcionais en que se divide Galicia en canto o valor do citado indicador.

A comarca que acada un maior valor neste indicador no conxunto da área considerada, cun nivel de 85, é Terra de Lemos, mentres que a comarca de Terra de Trives acada o nivel máis baixo con 10. En conxunto, a área xeográfica analizada, cunha cota de mercado de 225, dispón do 3,6% da cota de mercado total de Galicia.

O segundo indicador é o “índice industrial”, un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ó anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional.

Comparando o índice industrial das diferentes áreas funcionais de Galicia, observamos como as áreas funcionais de Monforte e O Barco, analizadas de xeito individual, sitúanse no décimo e noveno

1.5.

Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas 2001

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas	Actividades industriais	Actividades comerciais por xunto	Actividades comerciais polo miúdo	Actividades de restauración e bares
					(número)	(en m ²)		
Provincia de A Coruña	426.127	559.929	889	70.860	17.283	4.619	2.243.309	10.322
Ferrol	79.818	104.827	137	10.534	2.448	642	374.748	1.830
A Coruña	211.577	266.221	439	38.218	8.873	2.649	1.050.892	4.843
Santiago	134.732	188.881	313	22.108	5.962	1.328	817.869	3.649
Provincia de Lugo	136.836	197.767	348	22.027	6.202	1.580	813.529	3.315
Marín	29.034	39.853	83	4.500	1.416	319	177.610	779
Monforte	22.418	32.233	57	3.291	1.121	212	116.146	503
Lugo	85.384	125.681	208	14.236	3.665	1.049	519.773	2.033
Provincia de Ourense	135.483	210.410	389	21.211	6.695	1.336	663.662	2.995
Ourense	107.108	170.113	300	17.196	5.140	1.042	524.256	2.305
Verrín	15.636	22.226	48	1.900	706	161	81.657	389
O Barco	12.739	18.071	41	2.115	849	133	57.747	301
Provincia de Pontevedra	328.856	517.386	708	55.256	13.783	4.080	1.699.529	6.900
Vigo	190.337	291.721	381	31.164	7.002	2.658	927.640	3.548
Pontevedra	114.930	184.357	268	19.719	5.285	1.192	630.260	2.738
Lalín	23.589	41.308	59	4.373	1.496	230	141.629	614
Galicia	1.027.302	1.485.492	2.334	169.354	43.963	11.615	54.202.029	23.532
Galicia occidental-costa	722.254	1.013.753	1.539	119.833	28.763	8.427	3.793.390	16.294
Galicia interior	305.048	471.739	795	49.521	15.200	3.188	1.626.639	7.238

Fonte: La Caixa, Anuario económico e INE, Directorio Central de Empresas

1.6. Principais variables con incidencia na actividade económica de Monforte-O Barco 2001: distribución segundo comarcas e concellos

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas	Actividades restauración e bares	
					(número)	(m ²)		
Comarca de Chantada	5.631	9.905	15	277	48	369	32.029	134
Carballedo	1.018	2.501	2	51	4	42	2.981	21
Chantada	3.408	5.439	9	178	37	242	21.373	87
Taboada	1.205	1.965	4	48	7	85	7.675	26
Comarca de Terra de Lemos	14.079	18.933	34	708	151	816	73.664	283
Bóveda	761	1.164	1	42	10	40	3.310	16
Monforte	7.816	10.465	18	399	94	565	56.551	185
Pantón	1.414	1.824	4	65	17	35	1.812	19
A Pobra de Brollón	979	1.337	4	36	6	36	2.140	25
O Saviñao	1.847	2.605	4	93	19	94	7.122	27
Sober	1.262	1.538	3	73	5	46	2.729	11
Comarca de Quiroga	2.708	3.395	8	136	13	122	10.453	86
Folgo do Caurel	506	606	2	19	-	14	1.817	16
Quiroga	1.696	2.214	5	94	13	80	5.557	56
Ribas de Sil	506	575	1	23	-	28	3.079	14
Comarca de Terra de Trives	1.730	2.140	7	67	6	87	5.031	40
Chandrexa de Queixa (1)	-	-	-	-	-	-	-	-
Manzaneda	491	665	2	17	2	19	862	5
A Pobra de Trives	1.239	1.475	5	50	4	68	4.169	35
San Xoán de Río (1)	-	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Valdeorras	11.009	15.931	34	782	127	638	52.716	261
O Barco	4.910	7.116	13	333	66	363	33.496	130
O Bolo	671	624	3	24	3	15	571	8
Carballeda	819	1.719	6	112	11	34	3.408	27
Larouco (1)	-	-	-	-	-	-	-	-
Petín	361	660	-	22	1	13	507	7
A Rúa	1.988	3.138	5	134	26	146	12.151	51
Rubiá	699	844	2	48	10	18	962	8
A Veiga	738	609	3	33	4	19	678	12
Vilamartín	823	1.221	2	76	6	30	943	18
Monforte-O Barco	35.157	50.304	98	1.970	345	2.032	173.893	804
Galicia	1.031.004	1.490.734	2.347	44.148	11.639	57.878	5.430.157	23.611

(1) Falta os concellos porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.
Fonte: La Caixa, Anuario económico

lugar en importancia do mesmo cuns valores de 174 e 230, respectivamente.

Dentro da área funcional, os datos deste índice reflicten que as comarcas de Valdeorras, Chantada e Terra de Trives, concentran a meirande parte da actividade industrial (con valores de 145, 110 e 85 respectivamente), mentres que as dúas comarcas restantes presentan valores de 34 Terra de Lemos e de 30 a comarca de Quiroga.

O índice comercial configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades de comercio por xunto e

polo miúdo, e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto do estado. No que respecta a este índice as áreas funcionais de Monforte e O Barco, analizadas de forma individual, sitúanse no décimo e duodécimo lugar en comparación coas restantes áreas funcionais de Galicia.

Como ocorría coa cota de mercado, as actividades comerciais en Monforte - O Barco aséntanse, dun xeito claro, nas comarcas de Terra de Lemos e de Valdeorras (cuns índices de 68 e 53 respectivamente), mentres que no extremo oposto atópase Terra de Trives, cun índice comercial de 5.

O cuarto dos índices recollidos céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este índice turístico tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual. Comparado co resto das áreas funcionais galegas, as áreas funcionais de Monforte e O Barco, ocuparían a undécima e a duodécima posición, respectivamente, en canto o valor deste índice, o que demostra a escasa importancia desta actividade na zona.

As comarcas de Terra de Lemos e Valdeorras concentran a maior importancia no seo da área considerada, cun valor de 18 en ámbalas dúas, situándose coa menor participación a nivel turístico no conxunto de tódalas comarcas da área analizada a comarca de Chantada, cun índice de 7.

O “índice de actividade económica” xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa “cota de mercado”, é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que as veces se dan algunhas diferencias. O primeiro e o último lugar con respecto á actividade económica dentro da área funcional corresponden ás comarcas de Valdeorras e Quiroga, con valores de 75 e 14, respectivamente. Así mesmo, nas áreas funcio-

nais de Monforte e O Barco este índice presenta un valor de 109 e de 104, respectivamente, o que as sitúa no décimo e undécimo lugar en canto á importancia do seu valor dentro do conxunto das áreas funcionais de Galicia.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área considerada (Monforte-O Barco) con respecto ó total das dúas provincias ás que pertencen as comarcas que compoñen a citada área, salienta que a relación na área funcional de Monforte acada a súa porcentaxe máis alta no índice industrial, cun valor do 17,6%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice turístico, onde a área de Monforte significa un 12,3% do total da provincia. No que respecta á área funcional de O Barco en relación ó total da provincia de Ourense, a relación acada a súa porcentaxe máis elevada no índice industrial, cun valor do 25,9%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice comercial, onde a área de O Barco significa un 8,1% do total da provincia de Lugo.

Polo que se refire á relación entre o conxunto da área Monforte-O Barco e o total galego, a cifra máis importante corresponde ó índice industrial, cun valor do 6,7%, mentres no extremo contrario está o índice turístico, cun valor do 2,1%. Restringindo a relación á comparación entre o conxunto da zona analizada e o total da Galicia interior, o valor máis importante está no índice industrial cunha porcentaxe do 22,2%, fronte ó índice comercial cun valor do 9,7%.

Para completa-la análise xeral da si-

tuación da área funcional, os **cadros 1.5.** e **1.6.** recollen outra serie de variables diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de teléfonos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais por xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle diversos aspectos do contexto económico da área obxecto de estudio e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento económico: As áreas funcionais de Monforte e O Barco contan con 22.218 e 12.739 teléfonos respectivamente sendo a décima e duodécima área funcional en termos desta variable. Dentro da zona analizada, a comarca de Terra de Lemos con 14.000 aparellos atópase á cabeza, seguida da comarca de Valdeorras con 11.009. No extremo oposto está a comarca de Terra de Trives con 1.730 unidades no conxunto da comarca.

Os vehículos de motor (automóviles, camións e furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente nas comarcas de Terra de Lemos e Valdeorras, fundamentalmente na primeira delas. Entre as dúas reúnen máis de 34.000 vehículos, o que supón o 69% do total da área considerada, sendo esta porcentaxe do 4,2% no caso da comarca de Terra de Trives. As áreas funcionais de Monforte e O Barco acollen o 16,3% e o 8,6% dos vehículos de motor das provincias de Lugo e Ourense, respectivamente, sendo esta por-

centaxe do 3,4% do total de Galicia, e do 10,7% do total de vehículos de motor computados na Galicia interior.


A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais por xunto, comerciais polo miúdo e de restauración e bares amosa, en termos xerais, unha concentración nas comarcas de Terra de Lemos e Valdeorras.

Polo que se refire ás comarcas con un menor número de actividades nos distintos eidos, a comarca de Terra de Trives é a que conta, en termos absolutos e relativos, con menos unidades en todas as actividades estudadas: industriais, comerciantes por xunto, comerciantes polo miúdo e de restauración e bares.

Para estas actividades a relación da área con respecto ó total de Galicia sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 3,4 e o 4,5%. As maiores porcentaxes acádanse nas actividades industriais, no número de oficinas bancarias e nas actividades comerciais polo miúdo. Con respecto á relación entre o total da área Monforte-O Barco e o total da Galicia interior, tódolos niveis están entre o 10,8 e o 13%, con valores semellantes para as diferentes variables analizadas.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal, é o denominado “nivel económico”, recollido no antedito **cadro 1.4.** O *Anuario Económico de España* elaborado polo servizo de estudos de "La Caixa", considera a nivel municipal a existencia de 10 niveis económicos en función da Renda familiar dispoñible

►► **G.1.1.**




(1) Faltan os concellos de Chandreixa de Queixa, San Xoan de Río e Larouco porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.

(2) Os niveis calcúlanse segundo a renda familiar dispoñible por habitante e ano

Fonte: *La Caixa*, *Anuario económico*

►► **G.1.2.**



(1) Faltan os concellos de Chandreixa de Queixa, San Xoan de Río e Larouco porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.

Fonte: *La Caixa*, *Anuario económico*

por habitante e ano definida como a suma dos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas, calculados como o total de ingresos procedentes das rendas de capital, prestacións sociais e transferencias menos os impostos paga-

dos polas familias e as cotas pagadas á seguridades social.

O gráfico 1.1. amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Tendo isto en conta,

1.7.

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas 1998 en Monforte-O Barco: distribución segundo comarcas e concellos

	Nº de declarantes por tramos de Base Imponible (en €)				Rendemento medio declarado (en €)	Rendementos declarados, segundo a súa actividade (%)			
	De 0 a 3.000	De 3.000 a 9.000	De 9.000 a 18.000	Máis de 18.000		Traballo	Empresarial	Profesional	Outros
Comarca de Chantada									
Carballedo	14,48	56,59	22,20	6,73	8,006	58,49	35,03	0,53	5,95
Chantada	10,21	52,91	25,49	11,39	9,544	69,77	20,30	2,72	7,21
Taboada	11,94	54,81	24,63	8,62	8,526	60,00	34,11	1,01	4,88
Comarca de Terra de Lemos									
Bóveda	11,67	51,07	28,95	8,31	8,769	75,69	17,63	0,94	5,74
Monforte	8,99	42,94	33,46	14,61	10,925	81,44	9,43	2,76	6,37
Pantón	14,55	58,92	18,53	8,00	8,035	78,31	15,56	0,30	5,83
A Pobra de Brollón	12,96	56,11	24,46	6,47	8,132	73,84	19,52	0,71	5,93
O Saviñao	15,44	60,23	18,53	5,80	7,554	63,91	26,01	0,95	9,13
Sober	15,33	59,87	19,18	5,62	7,524	79,51	12,58	0,15	7,76
Comarca de Quiroga									
Folgo do Caurel	18,85	51,22	26,17	3,76	7,135	84,99	10,20	0,10	4,71
Quiroga	7,30	46,96	35,76	9,98	10,003	82,34	11,54	0,81	5,31
Ribas de Sil	9,97	49,77	29,63	10,63	9,293	78,50	13,14	0,24	8,12
Comarca de Terra de Trives									
Chandrea de Queixa	32,55	52,24	13,14	2,07	5,368	79,02	16,49	0,20	4,29
Manzaneda	13,40	57,45	23,11	6,04	8,057	83,09	10,53	-0,39	6,77
A Pobra de Trives	9,54	52,24	25,26	12,96	10,040	82,75	9,67	1,38	6,20
San Xoán de Río	20,31	53,43	17,91	8,35	7,798	79,81	12,71	0,63	6,85
Comarca de Valdeorras									
O Barco	5,40	37,75	42,34	14,51	12,131	84,08	8,18	2,78	4,96
O Bolo	14,25	56,00	25,75	4,00	7,669	77,12	13,44	0,11	9,33
Carballeda	5,39	35,80	48,94	9,87	11,512	83,43	3,56	0,17	12,84
Larouco	6,63	59,53	26,84	7,00	8,457	78,33	11,83	0,48	9,36
Petín	8,40	50,27	29,60	11,73	11,019	87,70	7,10	0,28	4,92
A Rúa	6,99	43,72	34,46	14,83	11,070	82,70	11,29	1,68	4,33
Rubiá	9,09	51,76	33,33	5,82	9,178	82,93	7,43	-0,01	9,65
A Veiga	14,72	57,10	23,37	4,81	7,689	74,59	16,08	0,25	9,08
Vilamartín	7,06	50,53	35,96	6,45	9,469	86,85	7,63	0,72	4,80

Fonte: IGE

na zona xeográfica obxecto de estudio o máximo nivel económico alcanzado é o de nivel 5 (de 8.800 a 9.700 euros/ano) onde se integran 3 concellos, sendo o nivel económico 4 (de 8.225 a 8.800 euros/ano) o maioritario, tendo ese nivel económico o 48% dos municipios da área funcional (12 concellos).

Atendendo ó incremento da renda familiar dispoñible entre os anos 1996 e 2001, o gráfico 1.2. amosa, a importante diferenza entre as áreas funcionais de Monforte e O Barco. No primeiro caso, tódolos concellos presentan unha medra inferior ó 14%, namentres que en O Barco, os concellos da comarca de Terra de Trives presentan unha medra entre

20% e 25% (nivel catro) e os da comarca de Valdeorras, 6 pertencen ó nivel catro, un ó nivel 3 (un incremento entre 17% e 20%), e un presenta un incremento entre o 25% e 31% (nivel 5).

A información sobre os rendementos e número de declarantes nos municipios da área funcional aparece recollida no **cadro 1.7.**, que amosa as porcentaxes de declarantes por tramos de base imponible, o rendemento medio declarado e a porcentaxe de rendementos declarados, segundo a súa actividade.

Tendo en conta catro tramos de base imponible –de 0 a 3.000 euros o primeiro, de 3.000 a 9.000 euros o segundo, de

▶▶ **1.8.**

Territorio e poboación en Monforte-O Barco: distribución segundo comarcas e concellos

	Superficie (km ²)	Poboación 1/01/2002	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Comarca de Chantada	462,2	16.893	36,5	3	651
Carballedo	138,8	3.121	22,5		192
Chantada	176,7	9.695	54,9		275
Taboada	146,7	4.077	27,8		184
Comarca de Terra de Lemos	940,4	35.749	38,0	6	1.044
Bóveda	91,1	1.974	21,7		57
Monforte	199,5	19.817	99,3		232
Pantón	143,2	3.377	23,6		202
A Pobra de Brollón	176,7	2.572	14,6		87
O Saviñao	196,6	5.000	25,4		259
Sober	133,3	3.009	22,6		207
Comarca de Quiroga	578,0	7.125	12,3	3	211
Folgoso do Caurel	192,8	1.510	7,8		47
Quiroga	317,4	4.209	13,3		119
Ribas de Sil	67,8	1.406	20,7		45
Comarca de Terra de Trives	431,7	5.825	13,5	4	144
Chandrexa de Queixa	171,8	865	5,0		35
Manzaneda	114,6	1.204	10,5		29
A Pobra de Trives	84,2	2.807	33,3		21
San Xoán de Río	61,1	949	15,5		59
Comarca de Valdeorras	969,2	29.321	30,3	9	167
O Barco	85,7	13.295	155,1		33
O Bolo	91,2	1.345	14,7		28
Carballeda	222,7	2.212	9,9		21
Larouco	23,7	584	24,6		5
Petín	30,5	1.125	36,9		13
A Rúa	35,9	5.139	143,1		4
Rubiá	100,7	1.767	17,5		18
A Veiga	290,5	1.387	4,8		30
Vilamartín de Valdeorras	88,3	2.467	27,9		15
Monforte-O Barco	3.382	94.913	28,1	25	2.217
Galicia	29.532	2.737.370	92,7	315	29.964

Fonte: IGE, Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2002, Xunta, Mapa comarcal de Galicia e INE

9.000 a 18.000 euros o terceiro e de máis de 18.000 euros o cuarto tramo— no citado cadro pódese observar como é o municipio de A Rúa, na comarca de Valdeorras, o que ten unha maior porcentaxe de declarantes no cuarto tramo co 14,83% dos declarantes totais do concello, seguido do municipio de Monforte de Lemos, na comarca de Terra de Lemos, co 14,61% dos declarantes totais do concello no cuarto tramo de base imponible.

Pola porcentaxe de declarantes no terceiro tramo de base imponible destaca o concello de Carballeda co 48,94% dos declarantes totais do concello. No segundo tramo de base imponible salienta o concello de O Saviñao co 60,23% dos de-

clarantes totais e, finalmente, no primeiro tramo de base imponible o concello da área funcional que ten unha maior porcentaxe de declarantes é o de San Xoán de Río co 20,31% dos declarantes totais.

Dun xeito xeral, o tramo de base imponible onde os concellos teñen unha maior porcentaxe de declarantes é no segundo tramo, agás os concellos de O Barco e Carballeda, ámbolos dous pertencentes á comarca de Valdeorras, onde a maior porcentaxe de declarantes está no tramo terceiro de base imponible.

No que respecta ó rendemento medio declarado, destacan os concellos de Carballeda, A Rúa, Petín e Monforte de Lemos, con rendementos medios que os-

cilan entre o 10.924,89 euros de Monforte de Lemos e 11.511,89 euros do concello de Carballeda. No extremo contrario sitúanse os concellos de Sober, O Saviñao, O Bolo, San Xoán de Río e a Veiga que non alcanzan o 7.813,16 euros de rendemento medio declarado.

Na análise da distribución porcentual dos rendementos declarados segundo a actividade, en tódolos concellos da área funcional as maiores porcentaxes correspóndense cos rendementos do traballo, con valores que van dende o 87,7% do concello de Petín ata o 58,49% do concello de Carballedo.

No que respecta á porcentaxe de rendementos empresariais, salienta o concello de Carballedo co 35% dos rendementos declarados nese concello, e por último, no que respecta ós rendementos profesionais destacan os concellos de O Barco e Monforte de Lemos con porcentaxes do 2,78% e do 2,76% respectivamente. ■